

# O MEU PRIMEIRO MARCAPÁXINAS SOLIDARIO



Save the Children



# DOSSIER

Celebra con milleiros de cativos e cativas o Día do Libro. E colorín colorado... milleiros de vidas cambiamos. Save the Children traballa en máis de 120 países.

Salvamos as vidas de cativos e cativas.

Loitamos polos seus dereitos. Axudámoslles a que desenvolvan o seu potencial. Queremos coñecer o voso traballo.

Envía as túas fotos das actividades e os marcapáxinas

a: [diadellibro@](mailto:diadellibro@savethechildren.org)

[savethechildren.org](mailto:savethechildren.org)

Non esquezas incluír a autorización de imaxe para partillalas na nosa web e redes sociais.

**Dirección:**  
Marisol Paniagua López

**Colaboración**  
M<sup>a</sup> Luisa Ortega del Val  
María Cimadevilla  
Silvia Lara  
Juan Guilló

**Foto de portada:**  
Stuart Sia / Save the Children

**Arte e maquetación:**  
Germán Gullón (VALBHY)

**Edita:**  
Save the Children España

**Depósito legal:**  
M-6188-2017





# DÍA DO LIBRO SOLIDARIO 2017

Desde que nacemos temos dereito a medrar cunha calidade de vida digna e afecto humano. Por iso, desde **Save the Children** propoñemos actividades solidarias derredor do Día do Libro dirixidas á etapa infantil de 0 a 3 anos.

Os adultos transmitímoslle o bo e o menos bo á nosa contorna. Desde que nacen, os máis pequenos viven experiencias que os adultos modelan. A través dos contos, os cativos e cativas desenvolven habilidades desde que nacen: descubren, escoitan, comezan a recoñecer e sentir o que outros senten e comezan a darlle nome ás emocións; cuestión primordial para convivir en sociedade.

Os contos achégannos unha educación dirixida a conectar coa realidade, cos valores a reforzar e coas emocións. Os contos motívanos a tratar de mellorar o mundo no que vivimos.

Esta guía didáctica ten como obxectivo amosar a importancia de termos acceso a auga limpa para a supervivencia infantil, a vulnerabilidade que provoca a falta deste recurso e como **Save the Children** traballa para atallar as consecuencias desta situación.

Tanto o dossier coma as actividades completan o labor dos docentes achegándolles distintas realidades que apoiem o seu traballo en valores coma a solidariedade, a cooperación, o respecto e a responsabilidade.

**Ter acceso á auga é un Dereito Humano fundamental** que millóns de persoas no continente africano non teñen garantido.

# A AUGA, UN RECURSO NECESARIO

O planeta está cuberto en tres cuartas partes de auga, maiormente salgada con apenas un 2,5% de auga doce. Para vivir e evolucionar precisamos de auga doce. Mais a auga ten que cumprir unha serie de condicións: **ser líquida, limpa e doada de obter.**

É por iso que as persoas intercedemos no ciclo da auga mediante a construción de infraestruturas destinadas a recoller a auga dispoñíbel na natureza e tratala para o seu consumo.

Mais o acceso a auga non é igual en todas partes. En moitas partes do mundo, como acontece nalgúns países do continente africano, é moi difícil conseguir auga limpa e potábel. A auga que alí consomen non é de boa calidade, algo que provoca gravísimos problemas de saúde na poboación e afecta en especial á infancia máis vulnerábel.

## O ACCESO Á AUGA, UN DEREITO HUMANO



Desde hai máis de 60 anos, segundo a Declaración Universal de Dereitos Humanos, o acceso a auga potábel e saneamento constitúe un dereito humano fundamental. Porén, hoxe en día isto non son máis ca palabras, xa que millóns de persoas no mundo non teñen acceso a auga potábel e carecen dos saneamentos básicos.

A falta de auga non é o principal problema, senón a falta de acceso que sofren parte das poboacións máis desfavorecidas. Esta carencia está ligada á falta de inversións en infraestruturas, o aumento da poboación e o aumento no consumo de auga diario. De continuarmos a este ritmo, dúas de cada tres persoas vivirán con carencia de auga no ano 2025.


O problema é tan grave que as Nacións Unidas decidiron crear un día que tivese como fin concienciar ás persoas sobre a importancia da auga para os seres do planeta: **o 22 de marzo, Día Internacional da Agua.** Un día para que os gobernos, as ONG, as empresas e a sociedade civil aglutinen esforzos e participen na protección deste recurso e para que as persoas reflexionen sobre os problemas no subministro de auga potábel.

# A AUGA EN ÁFRICA

Os recursos hídricos están moi espaxados no continente africano. Namentres algúns países contan cun subministro hídrico relativamente estábel, outros, coma os da zona do Corno de África, carecen del. A esta situación cómpre engadirlle que a maioría de países carecen de recursos para desenvolveren infraestruturas coas que arrostrar as secas periódicas e distribuír auga a todos os núcleos dunha poboación de ampla procedencia rural e moi espaxada.

Unha consecuencia directa da falta de infraestruturas é que tres de cada catro africanos empregan auga subterránea como fonte básica de auga potábel, o que fai que o acceso sexa máis complexo. Por outra banda, a calidade das augas subterráneas é moi variábel: nos países subsaharianos, a auga adoita ter arsénico e fluoruros e, se a isto lle engadimos a contaminación derivada de residuos industriais e agrícolas como pesticidas ou fertilizantes, achámonos ante una dobre dificultade: acceso difícil e custoso e auga contaminada ou de pouca calidade para ser consumida.

Estas dificultades contribúen a arraigar o problema e perpetuar a pobreza:



# COMO LLE AFECTA Á INFANCIA A FALTA DE ACCESO Á AUGA POTABLE?

A falta de acceso á auga ten consecuencias prexudiciais, inmediatas e futuras, para os menores en temas de:

- **Saúde:** a diarrea por beber auga en mal estado é unha das principais causas de mortalidade infantil nos menores de cinco anos xunto coa **desnutrición**, que se ve agravada por consumir esta auga. Ademais, hai outras doenzas de orixe infeccioso relacionadas coa insalubridade das augas estancas, como a malaria ou o dengue.
- **Educación:** a falta de auga nos momentos de maior seca provoca o peche temporal de escolas e que os cativos e cativas abandonen as clases.
- **Xénero:** a vida das mulleres e das cativas vese especialmente afectada pola falta de acceso á auga potábel e ó saneamento, xa que adoitan ser elas as encargadas de ir buscala. O 71% do traballo que comporta ir buscar auga recae nas cativas e mulleres. Moitas camiñan varias quilómetros para ir buscar a auga, unha media de catro horas diarias, o que fai que esta sexa unha das principais causas do absentismo escolar, e máis no caso das nenas. **As nenas perden o seu dereito á educación**, a mellor ferramenta para saír da situación de pobreza.
- **Protección:** que as nais teñan que percorrer distancias longas fai que durante ese tempo deixen de coidar ós seus fillos e que queden nunha situación de desprotección e perigo.

A auga, símbolo de vida e purificación en moitas culturas, convértese en doenza e morte para gran parte da poboación.



# A RESPOSTA DE SAVE THE CHILDREN EN ETIOPÍA

Preto de **5 millóns de cativos e cativas están en risco de pasar fame como consecuencia dunha das peores crises alimentarias en Etiopía**, provocada por unha seca que sofren as rexións máis verdes e produtivas do país.

350.000 cativos e cativas xa sofren desnutrición severa, unha doenza que, de non ser tratada, podería provocar demoras no crecemento, tanto a nivel físico coma mental e, no peor dos casos, a morte.

En Save the Children **estamos traballando en máis do 70% dos distritos afectados**. Que xa esteamos a traballar in situ permítenos identificar e actuar nas zonas máis vulnerábeis, axudando a que as comunidades protexan ós seus pequenos.

Ocupámonos do **subministro de alimentos, auga, medicinas e da axuda que precisan as familias que perderon os seus ingresos. Algo tan sinxelo como mellorar o acceso á auga e ao saneamento (dándolles bidóns de auga, xabón, construíndo latrinas ou mediante cursos de formación) fai que salvemos moitas vidas**. Estamos axudando a construír ribeiras para evitar enchentes, rehabilitando pozos e distribuindo alimentos que axuden a manter san o gando.

Tamén estamos a formar aos traballadores sanitarios da comunidade para que poidan tratar a desnutrición e que deriven a centros de estabilización aos menores máis afectados.

Rehabilitamos escolas e facemos que lles chegue a auga e o saneamento, permitindo que os cativos e cativas, que tamén reciben materiais educativos, permanezan escolarizados.

Temos conxuntos de refuxio preparados por se as familias tivesen que abandonar os seus fogares. Tratamos de darlle o noso apoio ás familias que o perderon todo e que non dispoñen de suficientes medios de vida mediante o programa “cartos por traballo”.

Todos os cativos e cativas teñen dereito á supervivencia, educación e protección. Asegurando o acceso á auga potábel aseguramos o seu futuro. **Grazas por axudarnos a mudar as súas historias e vidas.**



# ACTIVIDADES

El docente valora si la actividad ha favorecido el desarrollo de los participantes, las familias, la escuela y el entorno. Es importante enviar la experiencia a Save the Children con fotos, mensajes y/o artículos.

Lo interesante de la propuesta de actividades es que los profesionales de la etapa 0-3 adapten la realidad de cada escuela a las sugerencias didácticas planteadas.

## Obxectivos:

- Esperar ilusión e emoción por formar parte do mundo a través dos contos, cancións e ladaíñas dirixidas a cativos e cativas de 0 a 3 anos.
- Favorecer experiencias pola defensa dos dereitos da infancia e comezar a descubrir o valor da auga.

## Competencias:

Atención, contacto ocular, escoita, expresión xestual, oral e corporal, comprensión e memoria auditiva e visual, vocabulario, pronunciación, habilidades motrices e sensoriais, e comunicación.



## Orientacións metodolóxicas:

- Os bebés viven cada momento con todos os seus sentidos, precisan sentir emocións e sensacións gratificantes para descubriren a vida.
- Familias e educadores transmitimos sentimentos a través do noso trato á infancia, habilidade que cativos e cativas imitan desde os primeiros anos.
- As accións solidarias descúbrennos que “cativos e cativas somos iguais” e que merecen respecto e cariño, cuestión fundamental para a convivencia diaria e mundial.

## Desenvolvemento das actividades:

Durante o tempo adicado ao “dereito á auga para todos” (proxecto, semana, día específico...) propoñemos:

- “Momento para os contos sobre a auga”: as familias levan contos relacionados coa auga para tomar contacto, achegarse, escoitar e contar nas aulas (os contos poden ser contados polos educadores ou educadoras, familias...).
- “Espazo-mural sobre o dereito á auga para todos”: as familias levan imaxes á escola relacionadas relacionadas coa importancia da auga no mundo.
- “Obradoiro de marcapáxinas polo dereito á auga no mundo”: os cativos e cativas decoran os marcapáxinas que as educadoras ou educadores completaron previamente escribindo “Auga, un dereito”, “Auga para todos”... nenos e nenas plasman o seu apoio: pegadas azuis, adhesivos...

Se por un momento situamos todas as cousas importantes: a infancia, os nosos fillos e fillas, a saúde, a alimentación..., **no lugar da auga, vemos que é fundamental establecer vínculos sans, relacións de respecto, bo trato, normas e límites claros e seguros para garantir os dereitos de todas as persoas e os dereitos específicos dos cativos e cativas.**



# “ESCOITAMOS O SON DA AUGA”

Aula 0-1



30 min.

- Os participantes escoitan música na aula co son da auga.
- Empregamos paus de choiva para manexarmos e escoitarmos o son que fai: facémolo rodar, empurrámolo, cun movemento horizontal e vertical...
- A educadora ou educador conta ou canta cancións e ladaíñas para facilitaren que os bebés ollen, escoiten, dirixan a mirada, gocen de estar e se acheguen ao mundo dos sons, as palabras, a identificación de voces. Pódense acompañar con xestos, xogos de mans...

Chove, chove  
na casa do pobre.  
Neva, neva  
na cas de Varela.  
Xea, xea  
na cas de Garea  
Trona, trona  
na cas de Ramona.

## SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

O tempo que se lle adica á actividade pode variar e repetirse para adaptalo ao programa diario, mensual e anual da escola.

A proposta de actividade pode repetirse durante o tempo que se lle adica a “dereito á auga para todos” ou cando se estime.

As familias poden participar realizando obradoiros de paus de choiva ou de cancións e ladaíñas sobre a auga.

## MATERIAIS NECESARIOS

- Música con son de auga
- Paus de choiva
- Contos, cancións e ladaíñas sobre a auga



# “AUGA PARA TODOS”

Aula 1-2



40 min.

No día a día escolar o alumnado ten contacto coa auga. Imos tomar conciencia dos momentos cotiáns coa auga, intentarmos facer importante cada un dos momentos en relación coa auga e facer deles algo especial: momentos de boas sensacións.

- O gran momento para beber un vaso de auga e apagar a sede: pór música tranquila, un vaso de auga, un tempo axeitado, un espazo cómodo e estarmos tranquilos. Ao finalizar, dámonos as mans ou unha aperta e dicimos xuntos “auga para todos”.
- O gran momento de lavarnos as mans antes de comer: poñer música, buscar un espazo axeitado, colocar barreños, xabóns, toallas e cantar cancións e ladaíñas para vivir un momento alegre. Ao finalizar, dámonos as mans ou unha aperta e dicimos xuntos “auga para todos”.

“Auga eu quero,  
pra min e o mundo enteiro.  
Pídema a cebada  
en confesión coa aixada;  
os máis lambereteiros  
peregrinan deica o cruceiro  
e con primor me piden  
auga nun caldeiro “.

Xa teño as manciñas... limpas e velaíñas...

## SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

O tempo que se lle adica á actividade é variábel. Pódese variar e repetir para adaptalo ao programa diario, mensual e anual da escola e ás características específicas de cada grupo.

## MATERIAIS NECESARIOS

- Vasos de auga
- Música
- Ambientación de espazo
- Barreños
- Toallas
- Xabóns
- Cancións...



# “SOMOS AUGA”


Aula 2-3



40 min.

- A educadora pon música tranquila co son da auga ao comezo da actividade.
- Sitúa os participantes derredor dunha caixa decorada. Non saben o que hai dentro, aínda non se pode tocar... e ten unha apertura para meter a man.
- A educadora explica o ritual para converterse en auga, e cada participante o fai: «plof, plof, plof», «plof, plof, plof», mete a man, toca a auga... e di: «son auga», «convertinme en auga». Cada un fai un movemento e son espontáneos que todos repiten.
- En canto todos se convertesen en auga xogamos a sermos auga: somos auga en calma que se abala, gotas de choiva, unha onda do mar, unha botella de auga, unha gota da billa, un vaso de auga, auga que salpica. Somos auga para lavarnos, auga para beber, auga para estarmos limpos, auga sucia do río, burbullas...
- Para finalizaren a actividade, os pequenos e pequenas cantan xuntos, e acompañan con movementos a seguinte ladaíña. Poden repetila con diferentes partes do corpo: os pés, as mans...

Que fermosa é a auga!  
Que ganas de xogar!  
Chapinar cos meus pes (mans, dedos...)  
E poder salpicar  
Plof, plof, plof  
Plof, plof, plof.



## SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

A actividade e o tempo adicados son adaptábeis a cada grupo e ás súas necesidades. As familias poden participaren nun obradoiro de ladaíñas, refráns e cancións sobre a auga.

## MATERIAIS NECESARIOS

Música e caixa con recipiente de auga.

# CURIOSA INFORMACIÓN ... PARA FAMILIAS

Para familias



40 min.

Como é a miña relación coa auga? Teño vínculos sans coa auga?

Propoñémosvos a cultura do bo trato á auga. Para iso:


- Coñecemos a importancia da auga para a vida.
- Temos unha relación de respecto coa auga.
- Sabemos que a auga é parte da contorna.
- Aprecio a auga e demóstroo no coidado.
- Teño normas para coidar da auga.
- Poño límites para protexer a auga.
- Son un referente de conciencia, teño hábitos sans e positivos coa auga. Ou son inseguro e despreocupado coa auga?

Carecer de normas afecta ó desenvolvemento. Ter normas e límites é un dereito para guiar a vida e a auga é un dos elementos máis importantes da vida.

## SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

Podemos realizar un obradoiro sobre a información ou buscar novos formatos para o coñecemento e reflexión das familias.





Rega a vida de milleiros de cativos  
e cativas en países coma Etiopía.

A C/C na que podeades ingresar  
o recadado na actividade é:  
**Banco Santander**  
**ES24 0049 1837 5829 1024 8925**



Lembra indicar no concepto o nome do centro.

Moitas grazas!

**O meu Primeiro Marcapáxinas pola solidariedade** é unha proposta educativa que achega aos escolares á situación de vulnerabilidade dos cativos e cativas en países empobrecidos do continente africano co obxectivo de acadar fondos para os proxectos de supervivencia infantil que Save the Children realiza e coñecer os dereitos da infancia a través das propostas didácticas presentadas nesta guía.

Colaboran:



**SOBREVIVIR  
APRENDER  
ESTAR PROTEXIDO**



**Save the Children**